



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARZÚA

Aprobación definitiva da modificación do artigo 6º da Ordenanza fiscal municipal reguladora da taxa pola prestación do servizo de abastecemento de auga e conservación de contadores e acometidas

ANUNCIO

O Pleno do Concello, na sesión celebrada o día 28 de outubro de 2025, adoptou o acordo de aprobar provisionalmente a modificación do artigo 6 da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación do servizo de abastecemento de auga e conservación de contadores e acometidas, co obxecto de actualizar a contía das taxas de acordo co IPC publicado polo INE.

Publicado anuncio no BOP da Provincia en data 3 de novembro de 2025, abrindo o período de exposición ao público, non se formularon reclamacións, elevándose a definitivo o acordo de aprobación provisional adoptado, en aplicación do artigo 17.3 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Coa finalidade de darlle cumprimento ao principio constitucional de publicidade das normas e consorte do disposto no artigo 17.4 do citado Real decreto lexislativo 2/2004, publícase agora o texto íntegro do artigo 6 da ordenanza modificado:

TIPO SUMINISTRO	€/m ³
DOMESTICOS	
Por mantemento do servizo	
Mínimo 10 m ³ /mes	0,5816
De 11 a 15 m ³ /mes	0,8142
Más de 15 m ³ /mes	1,1272
INDUSTRIAIS	
Por mantemento do servizo	
Mínimo 50 m ³ /mes	0,7561
Por m ³ que exceda do mínimo	1,1924
OBRAS	
Mínimo 100 m ³ /mes Por mantemento do servizo	0,7454
Por m ³ que exceda do mínimo	1,3384

Modificación do apartado II) do artigo 6º:

II.-) Outras cotas:

Cota de alta no servizo: 93,44 €

Cota única por dereitos de acometida á rede xeral de abastecemento: 166,24 €

Cota mensual por verificación e conservación de contadores: 0,2861 €

Cota mensual por conservación de acometidas: 0,2861 €

Arzúa, a 17 de decembro de 2025

O alcalde

Asdo. Xoán Xesús Carril Ramos